

BUSCA DO TESOURO 5.

Serás quen de resolver a combinación correcta que abre este cadeado? Trata de superar as probas diarias para obter a combinación de seis cifras que abre o cadeado. Que misterio se agocha detrás desa combinación?

Introduce o código



1. OLIMPIADA MATEMÁTICA. Da comezo o maior evento matemático internacional aberto á participación de alumnas e alumnos de todo o cole e de coles de todo o mundo. Teredes que superar unhas probas matemáticas enlazadas mediante "cadeados matemáticos encadeados". A superación do reto vos levará a obter o primeiro número da combinación segreda. Estás preparad@?... Pois adiante.

Podes acceder a través deste código QR:



2. FRED QUINCALLA O NÓMADE DO MAR. Desta volta imos traballar coas páxinas que nos tocan ler hoxe do libro Fred Quincalla o nómade do mar (79-80). Revisade os vosos coñecemento sobre ... o substantivo, o verbo e o adxectivo e... imos aló cos seguintes "cadeados encadeados".

Podes acceder a través deste código QR:



3. Desta volta imos coas **ENERXÍAS ALTERNATIVAS**. Son aquelas fontes de enerxía propostas como alternativa ás tradicionais, é dicir, ás que se soen empregar (o carbón, o gas e o petróleo). Trata de descubrir o nome das que che propoñen estes "[cadeados encadeados naturais](#)" para achar un novo número da combinación que buscas.

Podes acceder a través deste código QR:



4. Debes dicirlle as **táboas do sete e do oito** a alguén da túa casa.
**Se un novo número queres obter
as táboas do 7 e do 8 debes saber.**

Para practicar estas táboas podes botar un ollo a estes vídeos que che ensinan algúns trucos:

- [Táboa do 7.](#)
- [Táboa do 8.](#)
- [Táboas do 6, 7, 8 e 9.](#)

Despois de dicirlle as táboas, e so nese caso, trata de solucionar este [pequeno enredo](#) para obter outro número da combinación.

Tamén podes acceder a través deste código QR:



5. Para continuar imos ver se lembramos algo que traballamos en Ciencias Sociais. Os tipos de paisaxe que podemos atopar. Cando fixemos a parada na Pedra Moura, camiño ao magosto, puidemos observar desde ese fermoso lugar paisaxes espectaculares. Ademais as paisaxes podían ser ben diferentes en función de cara onde dirixiramos a mirada. Pois aquí tes un "[cadeado encadeado de sociais](#)". Adiante con el.

Tamén podes acceder a través deste código QR:




6. Iremos ver canto recordas do lugar no que coincidimos. Trata de superar este último "[cadeado encadeado xeográfico](#)" para descubrir o derradeiro número da combinación. En todos os casos debes por un nome e nos que corresponda acompañalo do artigo correspondente. Vimos do espazo exterior para aterrizar en ...

Tamén pode acceder a través deste código QR:



TES A CHAVE CON SEIS NÚMEROS?



Cres que tes o código correcto da busca do tesouro 5? Si é así proba a desbloquear o cadeado e obter a recompensa.

Tamén podes acceder ao cadeado a través deste código QR.

